

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE DECEMBRO DE 2020

Ás 10:05 horas do día 9 de decembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 3 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste ao punto 3a)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2b, 4, 9 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:07	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54D-E4CB4B-2747DD-6899CJ-EWQVQV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- b) Outorgar un prazo de tres días a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L. e SACAFERRO, S.L. para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Os dous licitadores deberán presentar un novo documento europeo único de contratación (DEUC) debidamente cumprimentado xa que no DEUC presentado non cubriron o motivo de exclusión recollido na parte III "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares" (661-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 2 de decembro de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O citado licitador presentou documentación o 7 de decembro, dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID-19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 2 de decembro de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L.
2. MENKEPEER NORTE, S.L.

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:07	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54D-E4CB4B-2747DD-6899CJ-EWQVQV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L.
 2. MENKEPEER NORTE, S.L.
- b) Solicitar informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliadas a través de fórmula abertas na sesión do 2 de decembro.

Logo dun receso de 1:40 h., entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais data 9 de decembro de 2020 de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio lóxico fronte ao COVID-19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L.	65.49
2	TRISQUEL SERVICIOS AUXILIARES, S.L.U.	60.00
3	MENKEPEER NORTE, S.L.	59.52
4	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	49.41
5	SILICIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	0.00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L. (B-32.487.191), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

- a) A documentación esixida na cláusula 8.5 do PCAP: declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 71 da LCSP, documentos acreditativos da personalidade xurídica, documentos acreditativos da representación, acreditación da solvencia e habilitación profesional.
- b) A documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.



- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares" (661-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a dous dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 3 de decembro de 2020 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda propoñer a exclusión deste procedemento de ORECO, S.A.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:07	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54D-E4CB4B-2747DD-6899CJ-EWQVQV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



"Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORECO, S.A.U., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	98,42
2	DRAGADOS, S.A.	92,89
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	89,49
4	UTE PRACE- CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	60,40
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	58,11
6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	40,99

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:07	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54D-E4CB4B-2747DD-6899CJ-EWQVQV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		